

Realicei unha listaxe de filmes apropiados para ver durante o período de corentena que tratan aspectos relativos ao temario, principalmente as composicións do século XX. O criterio de selección das mesmas atende a cantidade de elementos do temario que saen nelas, desbotando a infinidade de filmes de calidade que so reflicten aspectos secundarios do temario ou que se centran en historias persoais onde o marco histórico simplemente é o pano de fondo. Quero explicarvos que existen dous tipos de estudo: o de alta intensidade e o de baixa intensidade. O primeiro é o que entendedes por estudo normal. Trátase de concentrarse na materia, ler, realizar esquemas, memorizar, resumir, etc. O segundo ten un papel importantísimo á hora de fixar conceptos, ordenar ideas e procesos e de ser capaz de contribuír a fixar a imaxinación (como veredes en Kant, a imaxinación, neste caso histórica, é unha das categorías que forman o coñecemento e é fundamental para o mesmo). O estudo de baixa intensidade é o estudo que permite descansar do de alta intensidade pero continuar aprendendo. Pode ser ver un atlas histórico ou fotos e imaxes dunha época concreta ou dun estilo artístico concreto, ver documentais ou ver filmes. Nunca podemos pensar que o de baixa intensidade substitúe o de alta pero si que o complementa moitísimo.

En función disto, e para que os días de corentena se pasen máis entretidos pero tamén aproveitando o tempo fixen unha listaxe que penso pode ser moi proveitosa para vos e que podedes ver en familia comentando os aspectos históricos dos mesmos e como foron tratados na aula.

*Mientras dure la guerra* (Amenabar): É sorprendente as coincidencias deste filme co exame da segunda avaliación (a vin tempo despois de poñelo). Saen todos os aspectos referidos nos documentos da composición. Podedes ver a sublevación. A axuda alemá a Franco para cruzar o estreito, todo o proceso de como Franco se fai Xeneralísimo por enriba da Xunta presidida por Cabanellas, o concepto de Cruzada, como Franco constrúe o relato do nacionalcatolicismo, etc. Incluso se mencionan un montón de frases explicadas na aula que espero que vaiades recoñecendo ao longo do filme. Parece unha clase de historia sobre a Guerra civil e a evolución do bando sublevado.

*Tierra y Libertad* (Ken Loach): Obra dun dos grandes directores do cine social británico (calquera dos seus filmes merece a pena) baseada na obra de *Homenaxe a Cataluña* de G. Orwell (Rebelión na granxa, 1984). É a outra cara da moeda, parece unha clase sobre a evolución do bando republicano centrado nos grupos revolucionarios. Explica a evolución das Brigadas internacionais, da muller na fronte e é moi interesante porque se centra na división entre o PC e a CNT-FAI e o POUM sobre a militarización das milicias, a revolución e a guerra e sae a propia crise de Maio de 1937 que leva a dimisión de Largo Caballero.

*La lengua de las Mariposas* (José Luis Cuerda): Rodada en Pontevedra e baseada nun libro de M. Rivas explica perfectamente a atmosfera da implantación da Segunda República en concreto o tema da reforma educativa e do clero a través da relación entre un mestre e os seus alumnos. Serve tamén para mostrar o inicio da sublevación e a represión. Moi recomendable.

*Belle époque* (F. Trueba): Segundo filme oscarizado da historia do cine español. A través da típica comedia de enredos radiografía de xeito preciso e divertido o ambiente previo a proclamación da Segunda República. Parte da sublevación de Fermín Galán en Jaca para contar os diferentes tipos políticos (pretendente carlista, pai republicano, cura unamuniano, etc.). Fresca comedia e moi positiva para arrincar un sorriso en tempos de corentena.

*Los santos inocentes* (Mario Camus): Baseada na obra homónima de Miguel Delibes explica perfectamente a vida nun latifundio dos anos sesenta no franquismo pero que nos serve para

entender como eran as relación sociais no latifundismo de calquera época, a relación cos xornaleiros e a figura do cacique. Imprescindible na formación de calquera científico social ou estudoso das humanidades.

*Salvador (Puig Antich)*: Dirixida por Manuel Huerga narra a detención e execución da última persoa executada en España por garrote vil. Serve para estudar a oposición ao réxime durante a crise do franquismo así como ter unha imaxe dos violentos estertores do mesmo.

*Operación Ogro* (G. Pontecorvo): Narra a preparación do atentado contra o xefe de goberno Carrero Blanco en 1973.

*La pelota vasca* (J. Medem): Documental composto por unha serie de entrevistas a políticos vascos e a persoeiros próximos os círculos de ETA que serve para comprender o nacemento e evolución da banda terrorista e o conflito vasco protagonista do tardofranquismo, Transición e de boa parte do actual réxime democrático.

Creo que chega para o confinamento, aínda que se se prolonga podo ir engadindo algún filme máis ou documental. Se queredes sobre algún outro aspecto concreto o algunha cuestión enviádemolo ao correo [pablo.alonso.de.vega@edu.xunta.es](mailto:pablo.alonso.de.vega@edu.xunta.es) e tratarei de responder á maior brevidade.

Saúdos e moito ánimo. Recordade que todo vai saír ben, e que xusto antes do amencer ven a hora máis escura, que é xusto o que nos está a tocar vivir agora mesmo co pico da enfermidade que está por darse nas próximas semanas.